

Bases edición 05/06

1. Poden tomar parte no concurso os alumnos de Educación Infantil, Primaria, Especial, Secundaria, Bacharelato, COU ou formación Profesional de calquera centro escolar de Galicia.
2. A participación será por equipos, baixo a dirección de un ou varios profesores ou educadores. O equipo ostentará a representación do centro ó que pertence. Dadas as características do concurso, hase considerar fundamental a colaboración de toda a comunidade escolar, mesmo cando a realización concreta do proxecto recaia sobre un equipo de profesores e se centre nun nivel determinado ou nun grupo de alumnos. A relación mínima profesores-alumnos será de 1 / 10.
3. Cada equipo participante implicarase no deseño, execución e seguimento dun proxecto bioambiental que deberá desenvolverse no centro educativo ou no municipio onde está ubicado.

Proxecto de actuación

4. A solicitude de participación realizarase utilizando o formulario "Proxecto de actuación". Nel facilitaranse os datos relativos ó centro escolar, nome do director, responsable do proxecto e lista de colaboradores, plan detallado de acción, calendario de actividades, relación de necesidades materiais, orzamento de actuación e permisos correspondentes.
- O devandito formulario deberá remitirse ó endereço de "Voz Natura", fundación Fernández Latorre, Avda. da Prensa, 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143, Arteixo, A CORUÑA, antes do próximo 31 de marzo.

Aprobación de proxectos

5. Un Comité Científico –integrado por destacados persoeiros do mundo da ciencia, a educación e a comunicación– seleccionará os proxectos en función da orixinalidade dos mesmos, o seu interese, participación da comunidade educativa e viabilidade. Examinará cada un e poderá formular cantas observacións considere oportunas, que deberán ser incorporadas ó proxecto definitivo. Teranse en conta os informes do claustro de profesores e do consello escolar do centro.
 6. O Comité Científico calificará os proxectos de 0 a 10 puntos, de acordo co seu nivel técnico científico e a súa cuantificación económica. Por cada punto otorgado, Voz Natura financiará un 10% do traballo que se pretende realizar. Valoraránse especialmente aquelas propostas de acción directa sobre o medio, como recuperación de zonas degradadas, limpeza de ríos, plantacións de árbores, eliminación de vertedoiros incontrolados, rehabilitación de fontes, etc.
 7. **Voz Natura e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, queren sensibilizar e concienciar a toda a poboación da necesidade de rematar cos incendios forestais. Por iso, nesta edición, hanse valorar especialmente os proxectos orientados á prevención de incendios, á recuperación de zonas afectadas polo lume e a todo tipo de actividades educativas con esta finalidade.**
 8. Antes do 31 de maio, Voz Natura fará públicos en La Voz de Galicia os proxectos aprobados e porase en contacto cos equipos seleccionados para lles comunica-la calificación do Comité Científico e mailo financiamento concedido polo Grupo Voz, así como para lles solicita-la relación definitiva e completa do material necesario para a realización dos proxectos.
- Ningún centro escolar poderá comprometer gastos a cargo do financiamento da Corporación Voz de Galicia antes de remitir a Voz Natura a citada relación de material e ser autorizado expresamente por escrito para realizar contratacións por un importe determinado. Nesta autorización hase especifica-lo procedemento para a realización das compras dos materiais solicitados. En ningún caso a axuda da Corporación Voz de Galicia se fará en metálico.
9. Co fin de garanti-la realización dos proxectos, a dirección de cada centro asumirá, en última instancia, a súa total execución.

Desenvolvemento de actividades

10. O desenvolvemento dos proxectos comezará co inicio do curso escolar 2005-2006. A efectos de valoración final do concurso, os centros deberán remitir a Voz Natura a memoria do proxecto realizado antes do 30 de abril de 2006.
11. Un comité de seguimento avaliará a actuación de cada equipo a informarán o Comité Científico sobre a desenvolvemento dos traballos e os resultados obtidos. Estes informes hanse ter en conta á hora de proceder a distribución dos premios cos que está dotado o concurso e dos que se informará oportunamente.
12. O proxecto aprobado de forma definitiva non poderá ser modificado parcial nin totalmente sen a correspondente autorización da dirección de Voz Natura.
13. Tódolos equipos e centros representados no concurso han recibir un certificado de participación. Aqueles centros que, ó xuízo do Comité Científico, desenvolvesen os proxectos de maior interese, recibirán uns premios que serán entregados nun acto público.

Disposición final

A participación no concurso Voz Natura supón a aceptación total das súas bases. As decisións o Comité Científico e o fallo do xurado cualificador dos traballos son inapelables.